

**AER PREOCÚPASE POLA INSEGURIDADE VIARIA DA
ESTRADA N-552 Á ALTURA DAS OBRAS DO FUTURO
HIPERMERCADO DO MERCADONA**



A Agrupación de electores de Redondela (AER) vén de demandar por rexistro, con motivo das obras que se están a realizar na calzada da N-552 á altura do futuro hipermercado de Mercadona, en Cedeira, que coa maior celeridade posible se mellore a inseguridade viaria detectada na zona. AER demanda que se melloren os sinais de iluminación de noite, as liñas de separación entre ámbolos dous sentidos do tráfico viario e as liñas das beirarrúas, para que os viandantes sexan detectados coa maior facilidade posible e se reduza o risco de incidentes ou accidentes tanto de día como pola noite.

Redondela, a 15 de xaneiro de 2016.

Para máis información,

Agrupación de Electores de Redondela (AER)
Domicilio: **Rúa Pai Crespo 15-Baixo, 36800 – Redondela.**
Tlfo: **647126712** mail: **info@aeredondela.com**